



Paraíso  
entre ríos

PADERNE DECEMBRO 2020

# INFORMACIÓN MUNICIPAL



*Agora que estamos ás portas do Nadal quero desexarvos, xunto con toda a Corporación, que pasedes unhas festas con saúde, paz e que non vos falte o amor das persoas que queredes.*

*Este ano, temos que coidarnos todos moito, tendo presentes as recomendacións que de seguido nos están a facer; lavar a miúdo as mans, non tocarnos a cara, non frotar os ollos, manter as distancias de seguridade, usar ben a mascarilla e ventilar os espazos que compartimos con outras persoas.*

*Todos debemos seguir estas normas ó pé da letra mentres non teñamos unha vacina que nos permita superar a pandemia; vamos*

*ser coidadosos para protexer a nosa saúde e a de todos.*

*Desde o Concello, estamos a traballar para axudarvos. Nestas datas, estaremos especialmente pendentes das vosas necesidades e, se algunha persoa precisa axuda, que non dubide en contactar con nós.*

*Entre todos, intentaremos facer un Bo Nadal e que o 2021 nos permita volver á normalidade de sempre.*

*Por un Nadal en paz e un 2021 cargado de esperanza*

**O voso Alcalde**  
**César Longo**



*Bo  
Nadal*

## MEDIDAS DO CONCELLO NA LOITA CONTRA O COVID-19

Desde fai uns meses e conscientes da gravidade da situación que se nos presentou coa transmisión do coronavirus, o Concello de Paderne estivo adoptando medidas de protección co fin de axudar ós seus habitantes na loita contra esta ameaza.

Así, as **labores de desinfección**, que noutros sitios se realizan de xeito puntual, en Paderne non deixaron de descoidarse en ningún momento constituíndo unha importante medida de protección para os lugares de acceso ó público.

Equipos de desinfección, contratados polo Concello, repasan **os accesos a cafeterías, establecementos de comidas, supermercados e negocios en xeral** a fin de que, tanto as persoas que traballan neles, como os seus clientes, dispoñan dunha garantía máis á hora de realizar a súa vida diaria.

Os **contedores do lixo e o seu entorno** son tamén puntos nos que se incide nestas labores de desinfección, así como as **prazas e parques** para que, tanto nenos como maiores, poidan dispor deles evitando os máximos riscos para a saúde.

Tanto para os escolares, que acoden a centros educativos da zona, como para tódalas persoas que se ven na necesidade de utilizar os servizos do transporte público municipal, realízase tamén a **desinfección das marquesiñas e o seu entorno**.

A desinfección dos accesos ó **Centro de Saúde**, a fin de que as persoas que acoden teñan estean o máis protexidas posible fronte ó virus, xunto coa **desinfección da Casa do Concello** e tamén os seus accesos, completan estas labores periódicas que se están a adoptar para protexer á poboación.

Os **desbroces por todo o termo municipal**, fóra da época na que normalmente se realizan, forman parte destas medidas extraordinarias que se adoptaron para facer fronte á pandemia.

Tamén se realizou unha **ampliación do servizo de limpeza nas dúas escolas de Educación Infantil**. Antes estaba a realizarse ó remate da xornada escolar e, por estas especiais circunstancias, realízase ademais durante a propia xornada, completando as tarefas de limpeza coa desinfección; todo por ter ós nosos pequeniños protexidos.

**Servizo de transporte municipal** de traslado de persoas ó Centro de Saúde tamén seguindo as medidas adaptadas ás circunstancias actuais.

Estamos nunha situación complicada a nivel mundial, polo que todos debemos extremar os cuidados adoptando as medidas que nos recomendan as autoridades sanitarias ante esta ameaza invisible e así protexernos e protexer ás demais persoas ata que se logre o seu control.

## Axudas para impulsar a Actividade Económica e o Emprego en Paderne (PEL REACTIVA)

O seu obxectivo é o de contribuír a paliar, na medida do posible, os danos derivados da pandemia provocada polo COVID-19, nas microempresas e autónomos.

Para persoas traballadoras autónomas con ou sin traballadores/as ó seu cargo e microempresas que cumprían os supostos marcados segundo as bases destas axudas.

Importe total: 33.038,58 €

Achega Deputación (80%): 26.430,86 €

Achega Concello de Paderne (20%): 6.607,72 €

Solicitude presentadas: 41

Empresario/a individual (autónomo/a): 31

Empresa: 10

## Novas medidas adoptadas polo Concello nas Escolas de Educación Infantil

Este curso escolar 2020-2021 comezou para os pequeniños de Paderne con importantes novidades respecto a anos anteriores.

O COVID-19 impuxo novas medidas a ter en conta para protexer a saúde e poder desenvolverse o mellor posible evitando comportamentos que poidan frear o desenvolvemento das nosas vidas.

As dúas escolas de Educación Infantil de Paderne adaptaron as súas rutinas a este novo contexto e o Concello puxo os medios para que poidan realizar o coidado e escolarización dos neníños da mellor forma posible.

- **Desinfección e limpeza das instalacións.-** Foi un punto moi importante a ter en conta. Traballouse na súa posta a punto para recibir o comezo do curso cos recintos ben limpos e desinfectados. Unha vez comezadas as clases, o Concello ampliou o servizo diario de limpeza que se estaba a facer en anos anteriores, adaptándoo ás novas circunstancias. Así, os pequeniños están a ver como o persoal de limpeza municipal pasa durante a xornada de mañá a limpar e desinfectar algunhas zonas do recinto.
- **Servizo de transporte escolar.-** Este ano, e para poñer especial coidado nas normas sanitarias, unha empresa está a ser a encargada de velar pola seguridade dos pequeniños no transporte; a subida e a baixada, cómo sentarse e a desinfección son puntos de especial coidado. O servizo de bus para a escola de Areas, veuse ampliado co traslado dos neníños de Souto á escola de Viñas. O Concello quere facilitar que tódalas parroquias se poidan beneficiar das Escolas de Educación Infantil de Paderne e que as familias non se vexan afectadas polo peche da escola de Souto.
- **Servizo de madrugadores.-** Implantouse este servizo ante a necesidade de conciliación dalgunhas familias. Comezou a funcionar na escola de Areas para cubrir a necesidade de coidado dos fillos de pais e nais que traballan e non poden compatibilizar os horarios laborais cos da escola. Unha persoa está encargada de atender ós neníños das familias que previamente o solicitaron desde hora e media antes da apertura da escola.

Con todas estas medidas, o Concello de Paderne amplía as prestacións que estaba a ofrecer buscando un maior benestar para as persoas e familias do municipio.

### Aprobación en pleno dos festivos locais para o 2021

O Concello de Paderne ven de aprobar en Pleno de 16 de outubro de 2020, a elección dos días 16 de febreiro, martes de entroido, e 16 de agosto, como festivos locais.

### ITV de Vehículos Agrícolas

Os días 2, 3 e 4 de febreiro de 2021 realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne.

As horas que vai a estar este servizo en Paderne son de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 h.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com) – Cita previa.

## Programación de Nadal

**Este ano, con motivo das restricións que debemos manter polo COVID-19, os actos do Nadal veranse reducidos á planificación de actividades que contribúan a manter a ilusión nos pequeniños, gardando as medidas necesarias para non poñer en perigo a saúde de todos.**

**VISITA DE PAPÁ NOEL.** - Os pequeniños das dúas escolas de Educación Infantil recibirán a visita de Papá Noel o día 22 de decembro. En horario escolar, Papá Noel achegarse a cada unha das escolas a recoller as cartas, aínda que nesta ocasión non poderá falar con cada un deles nin se contempla a asistencia dos pais/nais por gardar os protocolos do momento.

**CABALGATA DE REIS.** - As Súas Maxestades visitarán Paderne o día 4 de xaneiro traendo ilusión a tódolos nenos e familias do Concello. Unha Cabalgata distinta pero coa mesma ilusión para tódalas xentes de Paderne, sen concentración de persoas en ningún punto do Concello seguindo as medidas recomendadas neste momento. Será a comitiva a que se encargue de visitar tódolos lugares.

### COMEZO DO RECORRIDO:

- Ás 10:00 h. Saída da Casa Consistorial para visitar tódalas parroquias de Paderne
- O recorrido será o de tódolos anos: Obre – Paderne – Quintas – Loibo – Vilamourel – San Mamede – Vigo – Esperela – Adragonte – Eirovello – Velouzás – Sas – Chantada – Souto – Porto – Insua e Montecelo

***Gardarase o protocolo que nos marca o COVID-19 e, por iso, non se poderá interactuar coas Súas Maxestades, pero igual se comprometen a facer chegar os regalos a tódolos nenos e nenas de Paderne na noite do día 5.***



## Concurso de Nadal

O Concello invítavos a participar nun **Concurso de Nadal** adaptado á situación pola que estamos a vivir. Nesta ocasión, poderedes participar facendo un debuxo e/ou construíndo adornos de nadal con material reciclable.

**Participarán todos aqueles rapaces que teñan entre os tres e os doce anos, ademais de estar empadroados no noso Concello.**

Os traballos terán que ser presentados de forma telemática. No correo electrónico [cultura@concellodepaderne.com](mailto:cultura@concellodepaderne.com), especificando o nome e apelidos ademais dun teléfono de contacto, **antes do día 28 de Decembro.**

Tódolos participantes teredes a oportunidade de falar en directo a través de vídeo chamada co Rei Mago que prefiran. Só tedes que dicilo e estar preparados para falar cas súas Maxestades de Paderne o 4 de xaneiro.

Ademais, se queredes, os vosos traballos estarán expostos na páxina web do Concello, para que poidades presumir deles.